

# V XORNADAS CIENCIA E TERRITORIO



O cartel identificativo amosa unha fervenza

## A auga, os seus usos e abusos, centrará as quintas xornadas Ciencia e Territorio

A quinta edición das xornadas Ciencia e Territorio, organizadas polo departamento de Ciencias Naturais do IES Melide e Nova Escola Galega, terán como eixo central a auga, tanto os seus usos como os seus abusos. Do 10 ao 12 de setembro, o concello de Melide será o escenario no que se desenvolverán as aulas teóricas e as saídas de campo que componen as xornadas.

O obxectivo que se plantexan os organizadores para esta edición pasa por analizar todo aquilo que pode ofrecer a auga, visto dende unha óptica didáctica, exemplificando na

comarca da Terra de Melide as estratexias de integración do ensino no territorio.

Investigar as posibilidades didácticas da problemática da auga, realizar investigacións e análises, así como observar a corrección de impactos ambientais que produce a acción humana están tamén entre as metas propostas polos organizadores.

As xornadas anuais de Ciencia e Territorio organizadas polo IES e Nova Escola Galega comenzaron no 2003 propoñéndose como meta un estudo centrado na Terra de Melide.